

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A JUNTA DE COFRADIAS DE SEMANA SANTA DE FERROL SANTA DE FERROL SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2023"

REUNIDOS

Dunha parte, Don Angel Manuel Mato Escalona con DNI : , Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700 – E.

E de outra, Don Cesar Carreño Yáñez, con DNI : }, Presidente da JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL, CIF G70437181.

Da fe do acto o secretario xeral deste Concello.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello de Ferrol e da entidade beneficiaria de apoiar a realización da Semana Santa Ferrolá, declarada de "Interese Turístico Internacional", que supón un importante reclamo turístico que contribúe de forma significativa á dinamización socioeconómica de Ferrol e comarca, ambas as dúas partes,

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e a JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL para o financiamento da organización e realización das procesións da Semana Santa Ferrolá 2023, tal e como se describe na memoria e no calendario de actividades presentados pola beneficiaria.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considéranse gastos subvencionables os gastos directamente vinculados ao desenvolvemento das actividades programadas e recollidos na memoria, sempre que sexan debidamente computados na contabilidade xeral e se realicen no período comprendido entre o 1/01/2023 e a data de xustificación da actividade obxecto de subvención.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

TERCEIRA.- ACHEGA MUNICIPAL

1. O Concello contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira cunha achega de 42.500 €.

Tendo en conta a contía da subvención e de conformidade coa base 49 das de execución do orzamento municipal, o artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, realizaranse pagos anticipados (entrega de fondos con carácter previo á xustificación) de conformidade co seguinte:

31.875 € á sinatura do convenio (75%).

10.625 € á finalización do evento obxecto da subvención (25%) e previa xustificación do importe total da subvención.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente.

Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á reserva de crédito feita na aplicación orzamentaria 05205 4301 48000 do orzamento do ano 2023

4. A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen perxuízo de que o beneficiario da subvención poida solicitar a colaboración (vallas, contenedores, electricidade, ...) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para a realización da actividade subvencionada sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

5. A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a achega municipal no importe excedido”.

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, queda prohibida a subcontratación, total ou parcial, da actividade subvencionada.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL, nin con calquera na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións (subministracións ou servizos) iguala ou supera os 15.000 € sen IVE, con carácter previo á contratación, o beneficiario deberá solicitar alomenos 3 orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

Na publicidade que o beneficiario faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), así como no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención, deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue. No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase á da Tesouraría da entidade.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

A documentación que se ha de presentar é a seguinte:

- (NO CASO DE QUE EXISTA) Acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (sinatura do Convenio, sinatura da

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

documentación necesaria para a tramitación da subvención...). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación como mínimo das actividades realizadas, das persoas beneficiarias e dos resultados obtidos.
- Póliza do seguro de Responsabilidade civil e do de accidentes que dea cobertura o evento. No caso de ser unha póliza xenérica, substituirase por un certificado da compañía aseguradora ou corredor de seguros que acredite que o evento obxecto da subvención atópase incluído nas coberturas da póliza.
- Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 15000 € no suposto de contratación de subministros ou servizos, a entidade beneficiaria deberá manifestar que se cumpriron as condicións expresadas na cláusula cuarta, do Convenio
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, apelidos completos e sen abreviatura e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data e forma de pago).
- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable:
"Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención do Concello de Ferrol.....do ano.....".
- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario;
 - No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
 - No caso de transferencia electrónica xustificante impreso co selo da entidade e extracto.

Prevía a oportuna xustificación admitirase o pago en efectivo, sempre que a factura ou documento probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa non supere os 150 € (ive engadido) e que o gasto total xustificado en efectivo non supere o 20 % do importe adjudicado. En todo caso o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 1500 €. Na factura ou documento equivalente deberá constar cuño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI. En todo caso, xustificarse a elección deste medio de pago.

- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e coa Administración tributaria (estatal e autonómica).
- Declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outro ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

achegarse certificación da Administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados así como o período ao que se refiren os gastos.

- Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol establecida na cláusula sexta do Convenio.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditalo de forma expresa mediante unha declaración responsable.
- Balance xustificativo dos gastos e ingresos da actividade subvencionada (**Estado de gastos e ingresos imputados á actividade subvencionada**).
- Designación de conta bancaria según as normas establecidas pola Tesourería Municipal.

SÉTIMA.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO.

A xustificación deberá ser presentada antes do **31/10/2023**, sen que sexa posible a ampliación do seu prazo.

1.-No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, notificaráselle á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida neste Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

2.-De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte



- Informado favoravelmente. O xefe do Serviço

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.

O control financeiro realizarase pola intervención municipal conforme o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O beneficiario obrigase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

1. O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA.

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Ferrol, o

Polo Concello de Ferrol
O Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol

Polo JUNTA DE COFRADIAS DE SEMANA
SANTA DE FERROL SANTA DE FERROL
O/A Presidente/Representante

Angel Manuel Mato Escalona

Cesar Carreño Yáñez

O secretario xeral

Firmado por : JOAQUIN MARTINEZ CUBERO - 3- Fecha : 11/05/2023
Cargo : Xefe servizo Cultura, Educación, Deportes e Turismo
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, da sinatura electrónica.

Firmado por : LEOPOLDO TOMAS MOURE GARCIA - 3- Fecha : 23/05/2023
Cargo : Secretario Xeral

Firmado por : ÁNGEL MATO ESCALONA - 3- Fecha : 23/05/2023
Cargo : Alcalde
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.